



COMUNICADO 9 DE XULLO



PUBLICACIÓN DO CALENDARIO ESCOLAR PARA O CURSO 2020/2021

Prezadas familias,

O DOG de hoxe, 9 de xullo, publica a [ORDE do 25 de xuño de 2020](#), pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/2021 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Este calendario entrará en vigor mañá, día seguinte ao da súa publicación no DOG e non supón ningunha novidade con respecto ao borrador que xa lles enviamos no seu momento.

Pasamos a reseñar os aspectos máis importantes desta Orde.

Hai que ter en conta, que dependendo da evolución da pandemia do COVID-19 e das recomendacións das autoridades sanitarias, algún dos aspectos pode verse modificado, así como as normas concretas de cómo se vai iniciar o vindeiro curso

1.- Inicio e remate das actividades lectivas.

A impartición efectiva das clases realizarase no segundo ciclo de Educación Infantil, na Educación Primaria e na Educación Especial o **10 de setembro de 2020**, e rematará o **22 de xuño de 2021**, ambos inclusive.

Na Educación Secundaria Obrigatoria a impartición efectiva das clases o día **16 de setembro de 2020** e rematarán o **22 de xuño de 2021**.

2.- Períodos de vacacións escolares e días nonlectivos.

Nadal: Do 23 de decembro de 2020 ata o 7 de Xaneiro de 2021, ambos inclusive.

Entroido: 15, 16 e 17 de febreiro de 2020

Semana Santa: Do 27 de marzo ata o 5 de abril de 2021, ambos inclusive.

Día do Ensino: 7 de decembro de 2020

Ademais das datas sinaladas, son días non lectivos os festivos así declarados pola Consellería de Traballo e as festas laborais de carácter local. No suposto de que algunha destas festas locais non coincidan con días de clase, os consellos escolares (a proposta do equipo directivo no caso dos centros concertados) poderán solicitar un ou dous días non lectivos, segundo proceda, que deberán preverse na Programación Xeral do centro, argumentando razóns de tradición, costume ou conveniencia pedagóxica.

3.- Modificación do calendario escolar

A orde publicada contempla, na súa Disposición Adicional Primeira, que as xefaturas territoriais, por circunstancias concretas de organización, poderán autorizar a modificación das datas de comezo e remate das actividades lectivas.

4.- Conmemoracións.

Recóllense no artigo 8º da orde. Estas datas SON LECTIVAS para tódolos efectos, pero os centros deberán organizar actividades diversas, tendentes a salientar a importancia das referidas conmemoracións: Semana das Letras Galegas, o Día da Paz, o Día Internacional da Muller Traballadora, o Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Semana da Prensa, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, etc. Este ano a orde introduce como novidade o Día Internacional da Educación, o 24 de xaneiro. A orde dispón a realización de actividades diversas tendentes a salientar a importancia destas conmemoracións.

No suposto de que algunha das datas coincidise en sábado, domingo, festividade local, ou estea incluída nos períodos non lectivos fixados, a conmemoración correspondente trasladarase ao día lectivo inmediatamente anterior ou posterior, segundo o estableza a Programación Xeral Anual.

5.- Convocatorias de probas extraordinarias. Período extraordinario de matrícula en ESO

Nos primeiros días de setembro, **ata o día 4** como máximo, realizaranse as probas correspondentes á convocatoria extraordinaria do curso 2019/2020 para o alumnado de ESO,. As sesións de avaliación e entrega de cualificacións poderán realizarse **ata o día 7** de setembro, incluído (artigo 3º).

Os alumnos de ESO que non puidesen matricularse no prazo ordinario, poderán facelo no prazo extraordinario que rematará o día **10 de setembro de 2020**.

6.- Instrucións de Final de Curso.

a) Probas finais

Os alumnos de ESO con disciplinas pendentes de cursos anteriores serán convocados, se é o caso, a unha proba final durante o mes de **maio de 2021**.

b) Sesións de Avaliación

As sesións de avaliación final do alumnado da ESO deberán realizarse **a partir do día 22 de xuño de 2021**.

c) Reclamacións contra as cualificacións ou decisións de promoción.

Garantírase a atención ás reclamacións contra as cualificacións finais de conformidade co procedemento establecido na normativa vixente.

7.- Adaptación do alumnado de Infantil.

Este ano como NOVIDADE NA ORDE de calendario escolar, o alumnado de Educación Infantil terá maior flexibilidade para incorporarse aos centros educativos ao comezo do vindeiro curso escolar. Disporá dun prazo de ata o **30 de setembro** (cando en cursos anteriores era de dez días) para facilitarlles a volta ás aulas aos máis pequenos, despois de seis meses distanciados da contorna escolar por mor da suspensión das clases presenciais o pasado marzo.

Esta posibilidade poderá aplicarse DE XEITO EXCEPCIONAL a outros alumnos ou alumnas da etapa que o precisen, para facilitarlle a volta as aulas.

Un cordial saúdo:

Juan J. Vivero
Director